

Había unha vez un home...

Había unha vez un home que tiña de todo, mais non lle chegaba.

Había unha vez un home que se conformaba, aínda que non tiña de nada.

O home que tiña de todo vivía infeliz nun enorme pazo rodeado dun xardín francés, mentres que o home que non tiña de nada vivía satisfeito cos pequenos praceres da vida nunha vella e humilde casoupiña.

O home que tiña de todo non daba de nada, mentres que o home que non tiña de nada daba de todo.

O home que tiña de todo estaba rodeado de riquezas, mentres que o home que non tiña de nada estaba rodeado de familia e seres queridos.

Cando o home que tiña de todo morreu, enterraron o seu corpo nun gran cemiterio, nun panteón único para el, enfeitado de flores e luminarias, pero ninguén foi admirar aquel esplendor. Cando o home que non tiña de nada morreu, o seu corpo deu cabo da terra nunha campiña do cemiterio rodeado de persoas que choraban a súa perda.

O home que tiña de todo, en realidade non tiña de nada.

O home que non tiña de nada, en realidade tiña de todo.

